

## XEOGRAFÍA. MOVEMENTOS MIGRATORIOS

### ACTIVIDADE1. Os movementos migratorios actuais

**Obxectivos:**

- ◆ Estudar os movementos de poboación entre os concellos galegos.
- ◆ Analizar os fluxos migratorios entre Galicia e o resto das comunidades autónomas.
- ◆ Coñecer os intercambios poboacionais co estranxeiro.
- ◆ Interpretar o fenómeno da inmigración de retorno.

**Coñecementos previos necesarios:**


- ◆ Saber calcular porcentaxes e taxas.
- ◆ Saber facer e interpretar mapas e gráficas.

**Cuestións a resolver:**

Coa información que se facilita no apartado de descarga de datos e seguindo a actividade deberás poder responder as seguintes preguntas:

- 1) Describe o tipo de migracións que se producen en Galicia actualmente. Completa as porcentaxes das gráficas de sectores

**Emigración. Galicia. Ano 2011**




.....

.....

.....

.....

**Inmigración. Galicia. Ano 2011**



.....



.....

.....

.....

2) ¿Que é o saldo migratorio? ¿Que tipos de saldos migratorios hai e que significan?. Interpreta os mapas do saldo migratorio interno e externo por concellos de Galicia. ¿Onde se concentran principalmente os concellos con maior saldo interno? ¿E os concellos con maior saldo externo?.

Saldos migratorios. (Tempo=2011)[Saldo interno]




.....

.....

.....

Saldos migratorios. ([Tempo=2011][Saldo externo])



□	-72 - -4(20,95%)
□	-4 - 0(12,06%)
□	0 - 8(28,57%)
□	8 - 19(18,41%)
□	19 - 1.288(20,00%)

.....  
 .....  
 .....

3) ¿A que comunidade de España nos imos principalmente? ¿Que comunidades de España nos prefiren como destino? ¿Foi sempre así? ¿E na túa provincia, ocorre o mesmo?

.....  
 .....  
 .....

4) ¿De que países proceden principalmente os inmigrantes que chegan a Galicia actualmente? ¿Que porcentaxes supoñen sobre o total de inmigrantes? ¿Fai 10 anos viñan destes mesmos países?


.....  
 .....  
 .....

¿E na túa provincia maioritariamente de que país proceden as inmigracións? ¿Foi sempre así?

- 5) ¿Como evolucionou a inmigración procedente do estranxeiro na nosa comunidade nos últimos vinte anos?. Calcula as porcentaxes de inmigrantes procedentes do estranxeiro segundo nacionalidade dende 1992. ¿Que conclusións sacas do resultado? ¿Que pode significar unha porcentaxe maior de inmigrantes de nacionalidade española?

	Total	Españóis	Estranxeiros	% Españóis	%Estranxeiros
1992	6.308	5.898	410	93,5%	6,5%
1993	5.155	4.916	239	95,4%	4,6%
1994	4.286	3.924	362	91,6%	8,4%
1995	4.354	3.997	357	91,8%	8,2%
1996	3.204	2.983	221	93,1%	6,9%
1997	5.908	5.028	880	85,1%	14,9%
1998	6.850	5.479	1.371	80,0%	20,0%
1999	8.506	6.099	2.407	71,7%	28,3%
2000	12.547	6.667	5.880	53,1%	46,9%
2001	11.395	3.967	7.428	34,8%	65,2%
2002	18.186	8.435	9.751	46,4%	53,6%
2003	17.053	7.631	9.422	44,7%	55,3%
2004	19.366	6.772	12.594	35,0%	65,0%
2005	19.833	5.776	14.057	29,1%	70,9%
2006	22.948	5.986	16.962	26,1%	73,9%
2007	26.386	5.789	20.597	21,9%	78,1%
2008	22.165	4.087	18.078	.....	.....
2009	15.135	3.232	11.903	.....	.....
2010	13.878	3.298	10.580	.....	.....
2011	13.847	3.708	10.139	.....	.....

**Evolución dos inmigrantes procedentes do estranxeiro segundo a súa nacionalidade. Galicia. Anos 1992-2011**



.....

.....

.....

.....

¿Cal foi o mellor ano en canto a recepción de inmigracións, e o peor?.....

¿Que está ocorrendo na actualidade?.....

.....

Coa axuda dos enlaces do apartado de descarga de datos fai a mesma análise para a túa provincia.